

se incorporan como anexo II a esta resolución e que non foron publicados.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2009.

Beatriz Cuíña Barja
Secretaría xeral da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO I

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos meses de maio, xuño, xullo e agosto

Convenio	Importe €	Data sinatura
Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Galega de Apicultura en materia de protección civil	9.000 €	27-8-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello da Estrada en materia de protección civil	15.000 €	27-8-2009
Convenio de colaboración coa Cruz Vermella Española en Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias	18.000 €	27-8-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de protección civil	22.000 €	27-8-2009
Convenio de colaboración coa Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de voluntarios de protección civil da provincia de Pontevedra en materia de protección civil	6.000 €	31-8-2009
Convenio de colaboración coa Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil da Coruña en materia de protección civil	6.000 €	31-8-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación de cans de salvamento de Galicia en materia de protección civil	6.000 €	31-8-2009

ANEXO II

Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no ano 2009

Convenio	Importe €	Data sinatura
Convenio de colaboración subscrito entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; do Medio Rural, de Traballo, e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil, e prevención e extinción de incendios forestais	424.000 €	13-4-2009
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional para o intercambio de información sobre o diagnóstico e prospección exterior	15.000 €	15-4-2009

Resolución do 29 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se convocan subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos.

A resolución da Secretaría Xeral para o Deporte do 30 de xullo de 2009 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións e espazos deportivos e para a adquisición de equipamentos deportivos, e convocou as correspondentes ao ano 2009 (DOG nº 143, do 31 de xullo).

A existencia de dispoñibilidade orzamentaria na aplicación permite a publicación da correspondente resolución co obxecto de abrir unha nova convocatoria neste exercicio, con cargo ao referido crédito.

Na súa virtude, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Artigo 1º

De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócanse subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de Galicia consonte as bases que establece a resolución da Secretaría Xeral para o Deporte do 30 de xullo de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos (DOG nº 149, do 31 de xullo).

As subvencións que se convocan por medio desta resolución faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 40.60.441A.760.0 e ata a contía máxima que se detalla a seguir:

Aplicación orzamentaria: 40.60.441A.760.0.
2009: 375.923,20 €.

Artigo 2º

As solicitudes relativas a adquisición de equipamentos que, presentadas á convocatoria efectuada por resolución da Secretaría Xeral para o Deporte do 30 de xullo de 2009, quedasen excluídas por cuestións de dispoñibilidade orzamentaria serán tidas en conta ao abeiro desta convocatoria salvo que o solicitante manifieste por escrito o contrario no prazo establecido para a presentación das solicitudes.

A concesión de axudas ao abeiro desta resolución será incompatible coas axudas concedidas ao abeiro da resolución da Secretaría Xeral para o Deporte do 30 de xullo de 2009.

Artigo 3º

O prazo de presentación de novas solicitudes será de un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes dirixiranse á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia mediante a súa presentación por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A totalidade dos requisitos exixidos no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, están recollidos nas bases publicadas anteriormente mencionadas, que serán de aplicación a esta convocatoria, salvo no relativo ao prazo de xustificación das accións subvencionadas do artigo 11, punto 1, que queda fixado para esta resolución no 15 de decembro de 2009.

Artigo 4º

Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o secretario xeral para o Deporte, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores

dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG nº 119, do 19 de xuño), no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da oportuna notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2009.

José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte

Resolución do 29 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 28 de maio de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2009.

Conforme o establecido no artigo 16 da Orde do 28 de maio de 2009 pola que se aproban as bases regu-

ladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2009, unha vez ultimada a concesión de axudas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación daquelas concedidas con indicación do beneficiario/a, da contía, do país de execución do programa e da finalidade.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a execución de programas de cooperación ao desenvolvemento no exterior, ás organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento, por un importe global de dous millóns catrocentos cincuenta e un mil cento noventa e seis euros e setenta e dous céntimos (2.451.196,72 €), nas contías, beneficiarios, finalidade, país de execución do programa e aplicacións orzamentarias que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2009.

Jesús Gamallo Aller
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

ANEXO (por anualidades)

Nº expte.	Axente	Descrición do programa	Subvención concedida Importe	Anualidade 2009 Importe	Anualidade 2010 Importe	Anualidade 2011 Importe	Anualidade 2012 Importe
2009/02	<i>Fundación Entreculturas-Fe y Alegría</i>	Educación técnica en Nicaragua	522.077,80	156.623,34	156.623,34	104.415,56	104.415,56
2009/03	<i>Médicos del Mundo</i>	Fortalecemento do sistema de saúde pública das <i>moughatas</i> periurbanas de Nouakchott, de El Mina e Arafat. Mauritania	655.947,12	196.784,14	229.581,49	229.581,49	-----
2009/05	<i>Enxeñaría sen Fronteiras</i>	Programa de redución da vulnerabilidade en áreas rurais empobrecidas do municipio de Marcovia, Honduras	349.708,60	104.912,58	104.912,58	69.941,72	69.941,72
2009/12	<i>Fundación Cume</i>	Programa de desenvolvemento socioeconómico territorial da Mancomunidade de Gran Potosí, Bolivia	923.463,20	277.038,96	277.038,96	184.692,64	184.692,64
Total			2.451.196,72 €	735.359,02 €	768.156,37 €	588.631,41 €	359.049,92 €

ANEXO (por aplicacións)

Nº expte.	Axente	Descrición do programa	41.06.331A.490.0				41.06.331A.790.0			
			2009	2010	2011	2012	2009	2010	2011	2012
2009/02	<i>Fundación Entreculturas-Fe y Alegría</i>	Educación técnica en Nicaragua	80.339,93	93.362,57	87.954,02	94.723,25	76.283,41	63.260,77	16.461,54	9.692,31
2009/03	<i>Médicos del Mundo</i>	Fortalecemento do sistema de saúde pública das <i>moughatas</i> periurbanas de Nouakchott, de El Mina e Arafat. Mauritania	85.836,14	169.874,49	204.665,49	0,00	110.948,00	59.707,00	24.916,00	0,00
2009/05	<i>Enxeñaría sen Fronteiras</i>	Programa de redución da vulnerabilidade en áreas rurais empobrecidas do municipio de Marcovia, Honduras	63.850,74	64.457,31	56.168,66	29.169,41	41.061,84	40.455,27	13.773,06	40.772,31